

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6931 *Corrección de erros do Real decreto 777/2012, do 4 de maio, polo que se modifica o Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado polas actividades mineiras.*

Advertido un erro por omisión no Real decreto 777/2012, do 4 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado polas actividades mineiras, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 118, do 17 de maio de 2012, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 8, anexo I «Clasificación e caracterización dos residuos das industrias extractivas. Lista de residuos inertes», entre a táboa «A» e a táboa «C» debe inserirse a táboa «B» seguinte:

Táboa B

Tipo de residuo de industrias extractivas (Código LER)	Residuos da transformación física e química de minerais non metálicos (Código LER: 01 04) Residuos de grava e rochas trituradas distintos dos mencionados no código 01 04 07 (Código LER: 01 04 08)
Natureza do residuo de industrias extractivas.	<ul style="list-style-type: none"> • Residuos sólidos de extracción incluíndo fragmentos soltos dos materiais extraídos para o seu procesamento. • Os residuos poden incluír rexeitamentos, precortes, materiais sobredimensionados, materiais inadecuados xa sexa antes ou despois de procesamento, materiais derramados que caesen desde a planta de transformación, desde as cintas transportadoras ou planta móbil. • Os residuos poden incluír aqueles materiais que, tendo sufrido unha transformación na planta de tratamento non se visen afectados nas súas propiedades físico-químicas.
Procesos ou actividades onde se produce.	<ul style="list-style-type: none"> • O tratamento ou a transformación para a venda ou outros usos dos recursos minerais extraídos xa sea a ceo aberto ou subteraneamente. O tratamento ou a transformación poden realizarse nunha planta vinculada á explotación ou nunha independente desta. • O tratamento ou procesamento pode incluír clasificación en seco ou en húmido ou outro medio de separación mecánica por tamaños, así como a redución por rotura, trituración e moenda.
Tipos de materiais a partir dos cales se pode producir o residuo de industrias extractivas.	<p>Os residuos extractivos poden producirse durante a prospección, a extracción e o tratamento dos seguintes recursos minerais de orixe natural na planta de tratamento:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Rochas ígneas: granitos, granodioritas, dioritas, gabros, tonalitas, peridotitas, dunitas, monzonitas, sienitas, andesitas, riolitas, basaltos, diabasas, traquitas, lapilli, pumita, ofitas, anortositas, piroxenitas. • Rochas en diques: cuarzos, aplitas, pegmatitas, lamprófidos, anfíbolitas e pórfiros. • Rochas de precipitación o bioxénicas: sílex, calcarias, dolomías, magnesitas, travertinos, diatomitas e trípoli. • Rochas sedimentarias, detríticas e mixtas: areas feldespáticas, areas silíceas, areas calcarias ou cunchíferas, pedras de gra, arxilas comúns, arxilas caoliníticas, arxilas especiais (atapulxita, bentonita, sepiolita), limos, areas, gravas, conglomerados, grauvacas, arcosas, margas, calcirudita, calcarenitas. • Rochas metamórficas e metasomatismo: mármore, calcarias marmóreas, serpentinas, rochas con contido en talco, gneises, xistos, cuarxitas, migmatitas, corneanas e rochas de skarn (granatitas, epidotitas). Lousas das zonas de Valdeorras (Ourense), O Courel (Lugo), Ortigueira (A Coruña), La Cabrera (León) e Aliste (Zamora).